

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 04/06/2015.

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.
D. Jesús Manuel Soto Vivero.
D. Manuel Varela Mecías.
D^a María del Carmen Muíño Filgueira.
D^a María Amparo Calvo González.
D^a Ana Belén Breijo Gundín.
D^a María del Carmen García Pérez.
D. Fernando Márquez Hermida.
D. Plácido López Loureiro.
D. Hipólito Díaz Silva.
D^a Silvia Fernández Muíño.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as dezanove horas e trinta minutos do día catro de xuño de dous mil quince, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día dous de maio do presente ano dous mil quince. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non habéndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación á acta da sesión de que se trata.

SEGUNDO. ADXUDICACIÓN DA OBRA "IMPLANTACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FUTBOL DE SAN SADURNIÑO".

Dase conta do expediente tramitado para a adxudicación do contrato de execución das obras de "Implantación de céspede artificial no campo de fútbol de San Sadurniño", mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, no que obra a acta da Mesa de Contratación de data do 29/05/2015, mediante a que se formula proposta de adxudicación en favor da empresa "Jardinería Arce, S.L.", polo prezo de 323.213,19 euros, IVE engadido, en base ás puntuacións asignadas, en aplicación do establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares oportunamente aprobado, ás referencias técnicas dos licitadores, valoradas por un Comité de Expertos, e ás súas ofertas económicas. O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos once membros

do Pleno, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

A Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda:

1º.- Adxudicar á empresa "Jardinería Arce, S.L." o contrato para a execución das obras de "Implantación de céspede artificial no campo de futbol de San Sadurniño", polo prezo total de TRESCENTOS VINTETRÉS MIL DOUSCENTOS TRECE EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS (323.213,19 euros), dos que corresponden 267.118,34 ó prezo e 56.094,85 ó IVE (21%), por ser a súa oferta a que acadou a puntuación máis alta tras a valoración dos criterios recollidos no Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación, segundo o indicado nas actas das sesións da Mesa de Contratación e do Comité de Expertos que valorou as referencias técnicas presentadas polos licitadores, que se poden consultar na Plataforma de Contratación Pública de Galicia.

2º.- Ordear a notificación do presente acordo a tódalas empresas que participaron no procedemento de adxudicación de que se trata, e a súa publicación na Plataforma de Contratación Pública de Galicia, coa indicación de que a totalidade da información necesaria ós efectos legalmente establecidos está a disposición dos interesados nesa Plataforma.

3º.- Ordear a realización dos trámites precisos para a sinatura do necesario contrato administrativo coa brevidade posible, especificando que xa foi presentada por "Jardinería Arce, S.L.", a totalidade da documentación necesaria a tal finalidade.

4º.- Designar como director da obra, en cumprimento do establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares, ó enxeñeiro Julio Calderón Carrero.

5º.- Facultar ó Sr. Alcalde Presidente, Secundino García Casal, tan amplamente como resulte preciso, para a realización dos trámites e a sinatura dos documentos e contratos precisos para a plena efectividade do presente acordo.

TERCEIRO. APROBACIÓN DE MODELOS DE DECLARACIÓNS DE BENS E INTERESES.

Dase conta do expediente en tramitación para aprobar os modelos de que se trata, en cumprimento do establecido na lexislación vixente na materia, con tempo suficiente para que tódolos obrigados poidan presentar estas declaracións antes da constitución da nova corporación municipal. O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos once membros do Pleno, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda:

1º.- Aprobar os modelos de documentos necesarios para que, tanto os Concelleiros saintes como os electos procedan á realización e presentación das declaracións sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poda proporcionar ingresos económicos, así como o modelo para efectuar a declaración das súas bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas e das liquidacións dos impostos sobre a Renda, Patrimonio e, no seu caso, Sociedades, que se inclúen como anexos a presente proposta e no expediente desta sesión plenaria.

2º.- Aprobar a creación dos correspondentes rexistros de actividades e de bens patrimoniais.



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

3º.- Fixar os seguintes prazos de presentación:

As declaracións dos concelleiros cesantes poderán presentarse desde que finalice o seu mandato ata que se produza o cesamento no exercicio das súas funcións.

As declaracións dos concelleiros entrantes, desde que sexan proclamados concelleiros electos ata data na que deban tomar posesión.

Respecto das declaracións dos concelleiros cesantes que renoven mandato, presentarán unha soa declaración podendo optar por un ou outro momento.

4º.- Comunicar aos representantes locais, e no seu caso ós Membros non electos da Xunta de Goberno e ó Persoal directivo local que, de acordo co previsto no artigo 5.2 da disposición adicional segunda da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, desempeñen nas entidades locais postos que fosen provistos mediante libre designación que deberán completar e presentar no Rexisto correspondente a seguinte documentación:

- Declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poda proporcionar ingresos económicos.
- Declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo.
- Copia das liquidacións dos impostos sobre a Renda, Patrimonio e, no seu caso, Sociedades, segundo modelo normalizado.

5º.- Determinar que a publicación das declaracións sobre causas de posible incompatibilidade e actividade e as declaracións de bens patrimoniais se faga no Boletín Oficial da Provincia, facendo referencia exclusivamente ó feito da súa presentación.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as dezanove horas e trinta e seis minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,



O SECRETARIO,

